



INFORME ANUAL DE RESULTADOS

Grao en Bioquímica

Curso Académico: 2021-2022

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DO INFORME

1. DATOS DO PROGRAMA	
Denominación do programa	Grao en Bioquímica
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s	N/A
Escola responsable	Facultade de Ciencias
Centro/s Participantes	Facultade de Ciencias
Nome do/a coordinador/a do programa	Ramiro Barcia Vieitez
Correo electrónico do/a coordinador/a do programa	ramiro.barcia@usc.es
Códigos ISCED	
Curso de implantación	2020-2021
Data acreditación ex ante (verificación)	18/05/2020
Data renovación acreditación	--

2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Cráterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
1,7	11	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2504170_P.Ind_2021_22
			2504170_INF.16_2021-2022
			2504170_INF.CIUG_2021-2022
1	12	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	Codg:TítuloINF.02_2021-2022 (n/d)
1	13	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2504170_P.Ind_2021_22
			5011_INF.03_2021-2022
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2504170_P.Ind_2021_22
			2504170_INF.04_2021-2022 (n/d)
			5011_INF.05_2021-2022_(n/d)
			2504170_INF.06_2021-2022 (n/d)
			2504170_INF.07_2021-2022 (n/d)
			2504170_INF.08_2021-2022 (n/d)
			2504170_INF.09_2021-2022
			5011_INF.10_2021-2022
			5011_INF.11_2021-2022
			2504170_INF.13_2021_2022
			2504170_INF.14_2021_2022
			5011_INF.21_2021-2022
2504170_INF.22_2021_2022			
2504170_INF.23_2021_2022			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2504170_P.Ind_2021_22
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	2504170_E15_2021-2022
4	E16	Información sobre o persoal de apoio	5011_E16_2021-2022

		por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011 I6-I7 2021-2022
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011 I6-I7 2021-2022
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2504170_INF.13 2021 2022
			2504170_INF.14 2021 2022
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5011 I10 2021 2022
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2504170_INF.15 2021-2022
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2504170_P.Ind 2021 22
			2504170_INF.17 2021-2022
			2504170_INF.18 2021-2022
			2504170_INF.19 2021-2022
			2504170_INF.SIIU 2021-2022
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2504170_P.Ind 2021 22
			2504170_INF.CIUG 2021-2022
7	I14	Resultados de inserción laboral	2504170_EIL-SIIU_2021-2022 (n/d) 2504170_EIL-ACSUG_2021-2022 (n/d)
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva, ...)	2504170_P.Ind 2021 22 2504170_MedUSC 2021-2022

3. ANALISE (Cumprimento do proxecto establecido):

Dimensión 1. A xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora .

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Antecedentes

Durante o curso 2018-2019, seguindo os procedementos recollidos no SGC, a normativa establecida pola Universidade de Santiago de Compostela e de acordo coa guía de elaboración de memorias para a verificación de títulos universitarios da ACSUG, a Facultade de Ciencias elaborou a memoria do Grao en Bioquímica (GBioq). Esta memoria, despois de ser aprobada polo consello de Goberno da USC e recibir o informe favorable previo a verificación por parte da ACSUG (7 de xaneiro de 2020) foi verificado o 18/05/2020 polo Consejo de Universidades e foi implantado no curso 2020-2021.

Incidencias no curso 2021-22

O desenvolvemento da docencia deste curso 2021-22 foi de maneira presencial (Escenario 1), sempre gardando as distancias de seguridade e aplicando os protocolos sanitarios establecidos en cada momento. Polo que respecta a avaliación das materias esta levouse a cabo de xeito presencial, non obstante, durante todo o curso, os estudantes que tiñan *Dispensa de asistencia a clase xustificada por causas médicas*, gozaban do dereito ao acceso ás clases por medios telemáticos.

Matrícula

No grao en Bioquímica ofértanse 45 prazas de nova matrícula; a taxa de ocupación é moi elevada con un valor por encima do 100%, pois se completaron 48 prazas de nova matrícula (**IN04G**), o que representa unha variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición do 9.09 (**IN05G**).

Esta elevada demanda vese reflectida nos datos de preinscrición de novo ingreso con 11,6 solicitudes por cada praza dispoñible (522 fronte a 45) (**2504170_INF CIUG_2021-2022**), cunha nota media de acceso por preinscrición de 12,38 (**IN06G**) o que implica que o GBioq responde con éxito a demanda social de novas titulacións na área de Ciencias, complementarias á oferta tradicional na nosa Comunidade.

Perfil de ingreso

Segundo os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (**2504170_INF CIUG_2021-2022.pdf**), no curso 2021-22 matriculáronse de novo ingreso na cota xeral un total de 49 estudantes (108.9% das 45 prazas dispoñibles. A meirande parte dos alumnos procedían do Bacharelato (45 dos 46 alumnos da cota xeral, 98%). Desde Formación Profesional accederon 1 dos 46 alumnos da cota xeral (2%). A oferta total de prazas fixouse no curso 2021-22 en 45 alumnos, e a taxa de ocupación foi de un 106.67% (**250417_P.Ind_2021-22**), contabilizándose 522 solicitudes para 45 prazas. Por sexos, o número de mulleres matriculadas representa o 78%.

Por orixe xeográfica (**2504170_INF16_2021-2022.pdf**), os alumnos matriculados no grao proceden maioritariamente de Galicia (77,53%), aínda que nunha porcentaxe algo máis baixa que no curso 20-21, que era do 86,36%, é de destacar o aumento de alumnos procedentes da provincia de Pontevedra que pasan de representar un 26,3% a un 33,3%; os alumnos procedentes das provincias da Coruña e de Lugo representan en cada caso un 27,54%; cando no curso 20-21 representaban tamén en cada unha delas o 31,6%, mentres que o alumnado procedente da provincia de Ourense representa un 11,6%, practicamente o mesmo que no curso 20-21 no que representaba o 10,5%; polo que segue parecendo necesario realizar un maior esforzo na difusión do GBioq entre os alumnos de bacharelato desta provincia. Cabe destacar que o alumnado procedente doutras CC.AA. (**IN09G**) representa un 21,35% cando no curso 20-21 representaba o 13,6%.

Con respecto aos alumnos de novo ingreso (**2504170_INF.CIUG_2021-2022.pdf**) a porcentaxe de alumnos que proceden de Galicia representa o 71,74% (33 de 46) fronte ao 86,36% do curso 20-21, mentres que os alumnos de novo ingreso procedentes doutras comunidades autónomas pasa a representar o 28,26% (13 de 46) fronte ao 13,6% do curso 20-21.

Os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (**2504170_INF.CIUG_2021-2022.pdf**) mostran que no curso 21-22 o 91,8% dos alumnos matriculados elixiron este grao en 1ª ou 2ª opción (65,3% e 26,5%, respectivamente), tamén son datos superiores aos do curso 20-21, onde a porcentaxe de alumnos matriculados que elixiron este grao en 1ª ou 2ª opción era do 87%.

De acordo con a mesma fonte, a nota media de acceso (sobre 14) da cohorte de estudantes da cota xeral (46 alumnos) foi de 12,38 para alumnado procedente de bacharelato e de 12,46 para alumnado procedente de formación profesional, cun 100% cunha nota igual ou superior a 11. En conxunto, o 100% dos estudantes ingresaron cunha cualificación superior a 6 (**IN07G**).

■ Criterio 2. Información e transparencia

Tal e como recolle o Plan de Calidade da Facultade de Ciencias, a política de información pública e transparencia do centro ten como obxectivo facilitar toda a información referente aos títulos que se imparten na mesma a través da páxina web da Facultade de Ciencias:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias>

No referente ao Grao en Bioquímica, toda a información relevante está publicamente accesible e actualízase de xeito continuo no enlace :

<https://www.usc.gal/gl/estudios/gaos/ciencias/grao-bioquimica>

A información está estruturada en 9 niveis: (i) Información do título, (ii) Plan de estudos, (iii) Oferta e admisión, (iv) Recursos materiais, (v) Obxectivos e competencias, (vi) Mobilidade e prácticas, (vii) Saldas profesionais, (viii) Traballo fin de grao e (ix) Outra información (normativa, bolsas e axudas). Na páxina raíz figuran tamén ligazóns á Listaxe de profesores, á Memoria do título, ás Guías docentes, e aos Horarios e calendarios, entre outras.

Grados / Ciencias

Grado en Bioquímica

Nueva oferta

Tipo: Presencial
 Área: Ciencias
 Centro(s): Facultad de Ciencias
 Avda. Alfonso X O
 Sabio, s/n, 27002
 Lugo
 982824095
 (Conserjería)
 982824009
 (Decanato)
 fodca@usc.gal
 Campus: Lugo



Admisión y matrícula

Normativa

Becas y ayudas

Esta nueva titulación tiene como objetivo ofrecer al alumnado un conocimiento de todas las áreas relacionadas con la Bioquímica y la Biología Molecular en sectores tan diversos como el alimentario, biosanitario, cosmético, farmacéutico, ambiental y químico; desarrollando sus actividades profesionales en la enseñanza, la investigación, o trabajo en laboratorios de I+D+i, en la industria farmacéutica...

Presentación

Plan de estudios por curso

Plan de estudios por módulos

Oferta y admisión

Recursos materiales

Objetivos y competencias

Movilidad y prácticas

Salidas profesionales

Trabajo de Fin de Grado

Equipo docente

Duración: 4
 Precio/curso (aprox.): UE: 13,93€/crédito (1º curso: 835,80 €) | No UE: 17,41€/crédito (1º curso: 1089,20 €)
 Número plazas: 45
 Nota de corte en el curso precedente: n/d
 Responsable del título: ASTERIA M. LUZARDO ALVAREZ asteriam.luzardo@usc.es
 Coordinador-a del título: Ramiro Barcia Viquez
 Lenguas de uso: Castellano, Gallego
 Universidad coordinadora: Universidad de Santiago de Compostela
 Universidad(es) participante(s): Universidad de Santiago de Compostela
 Fecha de la autorización de implantación del título por la Xunta de Galicia: Orde do 16/06/2020 (DOG do 1/07/2020)
 Fecha de publicación en el BOE: 07/05/2021
 Fecha de la última acreditación: 18/05/2020
 Memoria del título

Los contenidos de esta página se actualizaron el 01.12.2022.

Página web do Grao en Bioquímica

■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias "alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas vinculadas a el (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos)".

O SGC da Facultade de Ciencias foi certificado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia o 13 de decembro de 2012, actualizándose periodicamente para adaptalo aos cambios producidos tanto a nivel do propio Centro como da USC. A Facultade de Ciencias renovou a acreditación de todos os seus títulos de grao e máster implantados o 8 de xullo de 2015. O 25 de xuño de 2018 obtivo a Certificación

de Implantación do SGC. O 28 de xaneiro de 2019 o *Consejo de Universidades* declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias, que deberá renovarse antes do transcurso de 5 anos.

A documentación da 6ª edición do manual do Sistema de Garantía de Calidade da USC pódese consultar no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

Compre subliñar, que no curso 2019-20, a facultade de Ciencias elaborou e aprobou o seu **Plan Estratégico Ponte e Plan de Mellora Anual 2020-2022**, que logo dun análise da situación do centro, recolle as accións e liñas estratéxicas a desenvolver nos primeiros dous anos e as accións de mellora a levar adiante consonte o análise realizado polas Comisión de Calidade.

A Comisión do GBioq non propuxo para o curso 2021-22 ningunha acción de mellora, a maiores das que xa estaban contempladas no Plan de Mellora Anual 2020-2022 derivadas do Plan Estratégico Ponte.

Dimensión 2. Recursos humanos

Analizárase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título

■ Criterio 4. Recursos Humanos

PDI

A tipoloxía do profesorado do GBioq, os seus departamentos e áreas de adscrición, e a súa experiencia docente-investigadora resúmense nas tres táboas que seguen (**2504170_E15_2021-2022.pdf**):

E.15 Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado. Datos do curso 2021/2022

TIPOLOXÍADO PROFESORADO DO TÍTULO

Título: Grao en Bioquímica		Centro: Facultade de Ciencias [L]			RUCT: 2504170	
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas	Porcentaxe	Horas
Predoutoral Xunta	1	3.33%		30.0	2.02%	
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	5	16.67%		236.0	15.9%	
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	3.33%		28.0	1.89%	
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	3	10.0%		210.0	14.15%	
Profesor/a: Titular de Universidade	20	66.67%		980.0	66.04%	
Total general	30	100.0%		1484.0	100.0%	

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA

Título: Grao en Bioquímica		Centro: Facultade de Ciencias [L]			RUCT: 2504170	
Departamento	Área	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora		
Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias	[025] Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas	3	14	9		
Biología Funcional	[412] Fisioloxía Vexetal	1	4	3		
Bioquímica e Bioloxía Molecul	[060] Bioquímica e Bioloxía Molecul	4	23	10		
Botánica	[063] Botánica	2	12	1		
Estatística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa	1	5	1		
Fisioloxía	[410] Fisioloxía	4	16	6		
Física Aplicada	[385] Física Aplicada	3	16	9		
Matemática Aplicada	[595] Matemática Aplicada	1	6	1		
Microbioloxía e Parasitoloxía	[630] Microbioloxía	1	6	5		
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	[750] Química Analítica	1	6	4		
Química Física	[755] Química Física	2	11	9		
Química Inorgánica	[760] Química Inorgánica	2	9	6		
Química Orgánica	[765] Química Orgánica	2	12	11		
Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física	[420] Xenética	2	5	6		
	[819] Zooloxía	1	6	1		
Total general		30	151	82		

PROFESORADO DE CADA MATERIA

Título: Grao en Bioquímica		Centro: Facultade de Ciencias [L]			RUCT: 2504170	
Código	Materia	Categoría	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora	
G1061101	Física	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	5	
		Profesor/a: Titular de Universidade	2	10	4	
G1061102	Química xeral e inorgánica	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	5	2	
G1061103	Matemáticas	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	6	1	
G1061104	Diversidade biolóxica	Profesor/a: Titular de Universidade	3	18	2	
G1061105	Citoloxía e histoloxía	Profesor/a: Titular de Universidade	3	14	9	
G1061106	Bioestatística	Profesor/a: Titular de Universidade	1	5	1	
G1061107	Química analítica	Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	4	
G1061121	Química orgánica I	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	6	
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	5	
G1061122	Química-física I	Profesor/a: Titular de Universidade	2	11	9	
G1061123	Bioquímica estrutural	Profesor/a: Titular de Universidade	2	12	4	
G1061201	Xenética	Predoutoral Xunta	1	0	0	
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	5	6	
G1061202	Fisioloxía animal I	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	4	0	
		Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	0	0	
		Profesor/a: Titular de Universidade	2	12	6	
G1061203	Microbioloxía	Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	5	
G1061221	Enzimoloxía	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	4	
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	5	2	
G1061222	Química-física II	Profesor/a: Titular de Universidade	2	11	9	
G1061223	Bioquímica metabólica	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	4	
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	1	
G1061224	Fisioloxía animal II	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	4	0	
		Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	0	0	
		Profesor/a: Titular de Universidade	2	12	6	
G1061225	Fisioloxía vexetal	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	4	3	
G1061226	Bio-inorgánica	Profesor/a: Titular de Universidade	1	4	4	
G1061227	Química orgánica II	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	6	
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	5	
Total general			30	202	113	

Informe elaborado a partir das seguintes fontes:

Base de datos de recursos humanos (PDI) actualizada a 01/07/2022

Base de datos do Plan de Ordenación Docente actualizada a 26/01/2022

O número total de PDI dun título pode ser inferior ao número desglosado por categorías no caso de producirse cambio de categoría ao longo do curso.

A meirande parte do profesorado do título (28 de 30, 93,33%) ten vinculación permanente coa universidade (o 92,86 % do PDI é funcionario, e a media de PDI funcionario na USC é do 85,91% **2504170_MedUSC_2021_2022**), e mostra unha dilatada experiencia como docente (quinquenios) e como investigador (**IN24G**, 92,86% do PDI con sexenios; **IN25G**, 100% de PDI doutores, mentres que os valores medios na USC son 85,91 e 85,10 respectivamente, **2504170_MedUSC_2021_2022**).

Por outra banda, a porcentaxe de profesorado do GBioq que participou en actividades de formación no curso

2021-2022 (**Informe 5011_I6-I7_2021-2022**) foi do 20%, o que reflicte unha moi significativa baixada con respecto ao curso 2020-21 na que a porcentaxe de PDI que participou foi do 73,68%, aínda que segue sendo o grao do centro con maior participación nestas actividades.

Por todo isto, o perfil do profesorado considérase adecuado para acadar os obxectivos docentes e de investigación especificados na Memoria do Título.

PAS

O centro responsable dispón actualmente do cadro de Persoal de Administración e Servizos que se relaciona na táboa que segue:

E-16 Información sobre o persoal de apoio. Facultade de Ciencias. Curso 2021-2022				
Número	Unidade	Escala/Categoría	Denominación posto	Antigüidade (no posto e escala)
1	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	15 ano(s), 5 mes(es) e 0 día(s)
2	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	18 ano(s), 10 mes(es) e 0 día(s)
3	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	RESPONSABLE PTO. ATENCION INFORM E SERVICIOS	14 ano(s), 1 mes(es) e 26 día(s)
4	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVICIOS	5 ano(s), 5 mes(es) e 1 día(s)
5	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVICIOS	6 ano(s), 4 mes(es) e 16 día(s)
6	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVICIOS	8 ano(s), 8 mes(es) e 10 día(s)
7	SECRET. DECANATO CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	SECRETARIA DE DECANATO	21 ano(s), 0 mes(es) e 27 día(s)
8	UNI. XEST. CENTRO DEP. CIENCIAS	E. de xestión-administración	RESPONSABLE UNIDADE	0 ano(s), 1 mes(es) e 21 día(s)
9	UNIDADE AA. EE. CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE ASUNTOS ECONOMICOS	14 ano(s), 1 mes(es) e 19 día(s)

Fonte: Base de datos de persoal da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC) actualizada a 1 de xullo de 2022

O persoal PAS é un colectivo comprometido coas súas tarefas, como suxire a porcentaxe de persoal que realizou as enquisas de satisfacción (100%), e que expresa cunha valoración media de 4,8 sobre 5 a satisfacción co seu traballo (**5011_INF.11_2021_2022.pdf**). Proba disto foi a notable participación en plans de formación durante o curso 2021-22 (66,67%) (**Informe 5011_I6-I7_2021-2022**), amosando unha satisfacción promedio cos cursos atendidos de 8,29 sobre 10 (**5011_INF.11_2021_2022.pdf**).

De igual forma que no caso do PDI, tanto a dotación de PAS como a súa cualificación considéranse adecuadas para acadar os obxectivos docentes e de investigación especificados na Memoria do Título

■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A Facultade de Ciencias, dispón de instalacións, recursos materias e servizos axeitados para o desenvolvemento da actividade docente e discente do grao. A Facultade dispón, en ámbolos dous edificios que a compoñen, de puntos de acceso para persoas con discapacidade física que afectan á mobilidade e conta con prazas de aparcamento reservadas a tal efecto.

Dispónse de rede wifi na totalidade do centro, o que permite utilizar como zonas de traballo non so as salas de lectura senón tamén lugares habilitados con mesas e tomas de corrente ao longo de todo os edificios, o que se considera de gran importancia xa que o alumnado fai uso de plataforma web para dispoñer de materias docente, exemplos de exames, prácticas, exercicios que debe cumprimentar on-line, etc..

Durante o curso 2020-21, derivado da implantación de novas titulacións a Facultade levou a cabo unha modificación dos laboratorios de prácticas coa dotación de mobiliario e infraestruturas para ampliar a capacidade docente interactiva de laboratorio. Así na actualidade dispónse, de 12 laboratorios docentes de prácticas completamente equipados co material necesario para a realización das mesmas ubicados no edificio de laboratorios colindante. Entre o resto de locais da Facultade compre destacar unha aula de lectura con acceso a rede wifi.

Ademais dos laboratorios tamén se construíron 4 novas aulas, existindo actualmente 16 aulas habilitadas para a docencia que dispoñen dos seguintes recursos: 1 ordenador, 1 proxector de vídeo, pantalla táctil de proxección ou pantalla de proxección, 1 encerado, conexión a Internet, rede wifi dispoñible para o alumnado e

o profesor, estas instalacións permiten ter unha media de alumnos por grupo de docencia interactiva de 20,21 alumnos, inferior á media da USC, que é de 22,33 alumnos (2504170_MedUSC_2021_2022).

Durante este curso académico 2020-21 tamén se habilitou unha nova aula de informática para a docencia interactiva, polo que, na actualidade, dispónse de 4 aulas de informática equipadas cada unha delas con 20 ordenadores para os alumnos e un para o profesor, con conexión a internet e rede wifi. Dúas destas aulas teñen pizarra dixital.

No campus lucense, os recursos bibliotecarios, tanto fondos como postos de lectura, están centralizados na denominada Biblioteca Intercentros, que presta servizos ás titulacións ubicadas no campus de Lugo (agás Fac. Formación de profesorado que conta con Biblioteca propia). Segundo datos facilitados pola USC, a Biblioteca Intercentros dispón de 1715 postos de lectura, o que significa unha dispoñibilidade de postos de lectura en bibliotecas por estudante equivalente a tempo completo no campus de pero de 0.50 postos/alumno. En canto aos fondos bibliográficos dispoñibles, nesta instalación cóntase con máis de 100.000 monografías 250 publicacións periódicas activas e outros recursos non libraríos (mapas, cd's, fotografías, etc.). ademais existe dispoñibilidade de máis 500 outras publicacións periódicas en formato electrónico na USC, accesibles desde calquera punto de conexión da rede da USC, nos seus dous campus.

Débase subliñar que os diferentes grupos de interese amosan un alto grao de satisfacción cos recursos e servizos. En todos os casos ás preguntas da enquisa de satisfacción que se refiren aos medios materiais son contestadas con promedios superiores a 4/5. Con respecto da mellora de instalacións da Facultade de Ciencias, para a actualización e mantemento dos medios audiovisuais, informáticos, etc., compre sinalar que ao longo dos últimos anos, a Facultade ven participando de forma continuada nas convocatorias de accións de mellora promovidas pola sucesivas Vicerreitorías con competencias en materia de calidade. Froito desas accións, en cada curso académico vaise actualizando e renovando as infraestruturas e o equipamento docente (material informático, medios audiovisuais, sistemas de proxección, equipos de laboratorio, software específico, etc...) en función das necesidades de cada titulación.

Durante o curso 2021-22 continuouse coa adquisición de equipamento e infraestruturas docentes no marco do Convenio de financiamento da Xunta de Galicia nas Facultades e Centros de SUG (incorporouse á dotación docente entre outro equipamento un espectrofluorímetro e unha balanza analítica con kit de densidades).

No primeiro semestre do curso 2020-21, no que a maior parte da docencia tivo que levarse a cabo de forma telemática por imperativo de saúde pública, as infraestruturas informáticas e os servizos relacionados con elas tiveron unha importancia capital á hora de proporcionar rapidamente ferramentas axeitadas para este fin. O feito de dispor na USC das *packages* Microsoft, integrando entre eles a videoconferencia TEAMS, supuxo que a posibilidade de implementar docencia on-line de forma rápida e eficiente fose perfectamente posible. Por iso durante o curso 2020-21 a Facultade de Ciencias levou a cabo accións para instalar novo equipamento para á docencia on-line e ao mesmo tempo incrementar a formación do profesorado neste eido. Neste senso implementáronse melloras nas aulas, tales como a instalación de cámaras automáticas de seguimento que permiten a retransmisión da clase en directo a aqueles alumnos que, por mor de sufrir contaxio con COVID-19, tiveran que respectar períodos de confinamento, facilitando a asistencia on-line deste alumnado para subsanar as posibles carencias na docencia expositiva e interactiva. Todo este traballo realizado no curso 2020-21 serviu para que a docencia no curso 2021-22 contase cun mellor equipamento.

Durante o curso 2021-22 a Facultade de Ciencias levou a cabo unha acción de mellora (AMF2122-8) na que se incluíu a instalación de novas infraestruturas, así como á adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución (melloras nas aulas de informática, fabricación dunha campá de extracción de gases, reparacións de equipos, etc).

Dimensión 3. Resultados

Analizaranse os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o desenvolvemento do mesmo.

Neste sentido, analizaranse os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada adquisición, por parte dos estudantes, das competencias inicialmente definidas para o título, é dicir, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso. Tamén se analizará a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida).

■ Criterio 6. Resultados do programa formativo

As taxas de rendemento (87,32%), de éxito (89,9%) e de avaliación (97,13%) superaron tamén neste curso os valores previstos na memoria do título que eran do 82% e do 87% respectivamente para as taxas de rendemento e de éxito; e tamén superan a media dos valores da USC (**2504170_MedUSC_2021_2022**). Estes datos pódense ver na seguinte táboa:

Código	Nome	Med USC 21-22	2020-21	2021-22
IN34G	Taxa de rendemento (%)	79,09	87,27	87,32
IN35G	Taxa de éxito (%)	87,21	90,35	89,9
IN36G	Taxa de avaliación (%)	90,68	96,59	97,13

Como se pode observar na táboa, non se aprecian diferenzas significativas entre os datos do curso 2020-21 e os do curso 2021-22.

■ Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento

Os principais indicadores de satisfacción e rendemento do GBioq móstranse na táboa seguinte:

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

De acordo cos indicadores remitidos pola Area de Calidade (**IN48G, IN46G**), a taxa de resposta a esta enquisa foi do 41,11, e a valoración global foi de 4,08 (**2504170_INF.13_2021_2022.pdf**). Ambos os valores son elevados aínda que a taxa de resposta baixou sensiblemente desde un 63% ao 41,11%; pero non se dispón de datos referentes ao curso 2021-22 nin para a USC nin para o Sistema Universitario Español (Datos y Cifras del Sistema Universitario Español) .

Grao en Bioquímica (G1061P01)

Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Curso académico	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media	Media
O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.38
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.40
Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos?	N/A	N/A	N/A	N/A	3.99
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	3.91
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resultame útil para a preparación da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	3.94
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	3.93
O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?	N/A	N/A	N/A	N/A	3.85
Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.28
O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase?	N/A	N/A	N/A	N/A	3.95
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.47
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.32
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación?	N/A	N/A	N/A	N/A	3.86
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (contestar só se as empregaches)?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.19
O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	3.97
O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?	N/A	N/A	N/A	N/A	3.88
Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia	N/A	N/A	N/A	N/A	4.01
Curso académico	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Valoración global	N/A	N/A	N/A	N/A	4.08
Participación	N/A	N/A	N/A	N/A	41.11%

Curso académico			Nº Persoas	Porcentaxe
2021/2022	Sexo	Home	6	16.22%
2021/2022	Sexo	Muller	31	83.78%

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:

De acordo cos indicadores remitidos pola Area de Calidade, a valoración global foi de 4,31 (**IN47G**), e a taxa de resposta a esta enquisa foi do 70% (**2504170_INF.14_2021_2022.pdf**). Ambos valores son elevados pero non se dispón de datos referentes ao curso 2021-22 nin para a USC nin para o Sistema Universitario Español (Datos y Cifras del Sistema Universitario Español) .

Informe da enquisa do profesorado coa docencia impartida

Grao en Bioquímica (G1061P01)

Curso académico	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media	Media
O meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.12
Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.12
Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.12
Penso que, en xeral, o meu alumnado está satisfeito co meu labor como docente. O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarase aos contidos da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.00
O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,?) son axeitados para o desenvolvemento da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.16
A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?	N/A	N/A	N/A	N/A	3.62
Estou interesada/o en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia, etc.)?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.09
Organizo e estruturo ben as miñas clases?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.64
Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.84
Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e tutorías?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.88
Manteño un trato correcto cos estudantes?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.88
Estou satisfeita/o coa titorización do TFG/TFM	N/A	N/A	N/A	N/A	3.69
En xeral, estou satisfeita/o coa miña labor docente?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.56
Curso académico	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Valoración global	N/A	N/A	N/A	N/A	4.29
Participación	N/A	N/A	N/A	N/A	70.00%

Valores similares aos obtidos cando se pregunta ao profesorado sobre a súa satisfacción respecto de a titulación ([2504170_INF.23_2021_2022.pdf](#)):

Grao en Bioquímica

Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	N/A	N/A	4.25	4.59
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	N/A	N/A	4.75	4.41
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	N/A	4.38	4.00
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	N/A	4.25	4.47
O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	N/A	4.50	4.41
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	N/A	4.13	4.13
Os horarios existentes son axeitados?	N/A	N/A	4.13	3.65
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	N/A	4.25	3.94
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	N/A	4.38	4.24
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	N/A	3.88	3.76
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	N/A	N/A	4.14	4.06
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	N/A	4.17	4.00
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	N/A	4.00	4.24
Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	N/A	4.13	4.18
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	N/A	4.25	4.29
O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	N/A	4.38	4.59
O alumnado implicase na titulación?	N/A	N/A	3.88	4.12
O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	N/A	3.57	4.35
En xeral, sintome satisfeito/a coa titulación.	N/A	N/A	4.13	4.41
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Valoración global	N/A	N/A	4.19	4.20
Participación	N/A	N/A	42.11%	56.67%

Os datos das taxas de éxito ([2504170_INF17_2021-2022.pdf](#)) , de rendemento ([2504170_INF18_2021-2022.pdf](#)) e de avaliación ([2504170_INF19_2021-2022.pdf](#)) desagregados por materias correspondentes ao curso (2021-2022) recóllense nas táboas seguintes:

INF 17 - Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos

5011 - Facultade de Ciencias

Plan Estudos	Contido	2021/2022
G1061V01 - Grao en Bioquímica	G1061101 - Física	81,82%
	G1061102 - Química xeral e inorgánica	97,87%
	G1061103 - Matemáticas	84,00%
	G1061104 - Diversidade biolóxica	100,00%
	G1061105 - Citoloxía e histoloxía	89,58%
	G1061106 - Bioestatística	95,74%
	G1061107 - Química analítica	76,79%
	G1061121 - Química orgánica I	80,85%
	G1061122 - Química-física I	61,54%
	G1061123 - Bioquímica estrutural	89,80%
	G1061201 - Xenética	97,37%
	G1061202 - Fisioloxía animal I	95,00%
	G1061203 - Microbioloxía	100,00%
	G1061221 - Enzimoloxía	100,00%
	G1061222 - Química-física II	94,59%
	G1061223 - Bioquímica metabólica	100,00%
	G1061224 - Fisioloxía animal II	95,00%
	G1061225 - Fisioloxía vexetal	100,00%
	G1061226 - Bio-inorgánica	100,00%
	G1061227 - Química orgánica II	75,00%

INF 18 - Informe de taxa de rendemento das materias do plan de estudos

5011 - Facultade de Ciencias

Plan Estudos	Contido	2021/2022
G1061V01 - Grao en Bioquímica	G1061101 - Física	81,82%
	G1061102 - Química xeral e inorgánica	93,88%
	G1061103 - Matemáticas	77,78%
	G1061104 - Diversidade biolóxica	95,74%
	G1061105 - Citoloxía e histoloxía	87,76%
	G1061106 - Bioestatística	90,00%
	G1061107 - Química analítica	70,49%
	G1061121 - Química orgánica I	74,51%
	G1061122 - Química-física I	60,38%
	G1061123 - Bioquímica estrutural	88,00%
	G1061201 - Xenética	97,37%
	G1061202 - Fisioloxía animal I	95,00%
	G1061203 - Microbioloxía	100,00%
	G1061221 - Enzimoloxía	100,00%
	G1061222 - Química-física II	94,59%
	G1061223 - Bioquímica metabólica	97,44%
	G1061224 - Fisioloxía animal II	95,00%
	G1061225 - Fisioloxía vexetal	100,00%
	G1061226 - Bio-inorgánica	100,00%
	G1061227 - Química orgánica II	71,05%
G1061PRT01 - Prácticas extracurriculares	100,00%	

INF 19 - Informe de taxa de avaliación das materias do plan de estudos

5011 - Facultade de Ciencias

Plan Estudos	Contido	2021/2022
G1061V01 - Grao en Bioquímica	G1061101 - Física	100,00%
	G1061102 - Química xeral e inorgánica	95,92%
	G1061103 - Matemáticas	92,59%
	G1061104 - Diversidade biolóxica	95,74%
	G1061105 - Citoloxía e histoloxía	97,96%
	G1061106 - Bioestatística	94,00%
	G1061107 - Química analítica	91,80%
	G1061121 - Química orgánica I	92,16%
	G1061122 - Química-física I	98,11%
	G1061123 - Bioquímica estrutural	98,00%
	G1061201 - Xenética	100,00%
	G1061202 - Fisioloxía animal I	100,00%
	G1061203 - Microbioloxía	100,00%
	G1061221 - Enzimoloxía	100,00%
	G1061222 - Química-física II	100,00%
	G1061223 - Bioquímica metabólica	97,44%
	G1061224 - Fisioloxía animal II	100,00%
	G1061225 - Fisioloxía vexetal	100,00%
	G1061226 - Bio-inorgánica	100,00%
	G1061227 - Química orgánica II	94,74%
G1061PRT01 - Prácticas extracurriculares	0,00%	

Os valores son elevados en case todas as materias. Os valores máis baixos adoitan coincidir con materias que requiren coñecementos básicos procedentes do ensino secundario e/ou materias que inicialmente os alumnos non perciben como directamente relacionadas coas súas necesidades de coñecemento do campo da bioquímica, o cal fai algo máis complexa a dirección da aprendizaxe por parte dos docentes.

4. PLAN DE MELLORAS para o curso seguinte

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	
		Tipo	
	Orixe	Orixe acción	
		Descrición orixe	
	Definición	Análise causa	
		Definición/descrición proposta	

		Data prevista de finalización	
		Data inicio	
Responsables		Usuario responsable da implantación	
		Outros responsables da implantación	
Finalización		Estado	
		Data estado	
		Comprobación	
		Data comprobación	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

5. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO	
Modificacións	Xustificación da modificación
<p>As principais modificacións a levar a cabo son as seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Adscrición do Grao a un ámbito de coñecemento dos relacionados no anexo I do RD 822/2021 e tamén da formación básica aos ámbitos de coñecemento que correspondan. 2. Modificación das mencións ao non cumprir o número mínimo de créditos, que agora se establece como mínimo no 20% da carga de créditos total do grao (20% de 240=48). 3. Adaptación da memoria do grao ao modelo establecido no anexo II do RD 822/2021. 	<p>Tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade e o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022, é preciso levar a cabo a modificación da memoria do Grao en Bioquímica (GBQ) para adaptala ao indicado nesta normativa.</p> <p>As xustificacións das modificacións a levar a cabo son as seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Segundo o artigo 8 do Regulamento, todos os títulos de grao deberán adscribirse, a través dunha declaración explícita na memoria de verificación, a un dos ámbitos de coñecemento recollidos no anexo I do Real Decreto 822/21, no lugar de facelo a ramas de coñecemento. 2. O artigo 20 do Regulamento establece que as mencións deben ter como mínimo o 20% da carga de créditos totais do grao, que no caso do GBQ ao constar de 240 créditos ECTS ascendería a 48 créditos ECTS. 3. Tendo en conta o artigo 65 do citado Regulamento, ao precisar modificar as mencións, implica unha modificación substancial do título. Segundo a disposición transitoria quinta, apartado 2 do RD 822/2021 cando a universidade propón unha modificación substancial do título é preciso adaptar a memoria ao modelo establecido no anexo II do citado RD.